

Ás veces hai cousas que son moi sinxelas de escribir, sobre todo algunhas máis que outras. Para min é moi fácil escribir sobre temas bastante superficiais, que realmente aínda que parezan que teñen un gran transfondo filosófico, só son fruto de algún pequeno anaco de inspiración que aparece entre as sombras do día. Pero eu creo que o máis difícil de escribir e de expresar é aquilo que se sente tan dentro, que xa forma parte de ti. Isto é o que me pasa hoxe, porque gustaríame falar dunha persoa á que quero tanto, que uns simples caracteres nunha pantalla en branco non chegarían a dicir unha ínfima parte do que eu sinto por ela. Polo que hoxe non vou recurrir a expresións moi complexas nin a un intento de creatividade fallido, senón a falar de mamá, porque téndoa a ela non se necesita ningún outro ornamento.

Mamá como timón do barco, como fogar, como recuncho de felicidade, como loita, como exemplo. Estou segura de que moitísima xente se sente identificada con estas palabras, que todos ven aquí reflectidas as súas nais, porque ao final, como se di, unha nai é unha nai. Porén, miña mamá non é unha nai calquera. Ás veces fágolle rechinar os dentes porque ando descalza, ou porque estou moito co móbil, ou porque me deito moi tarde. E ás veces tamén a min se me cruza un cable cando me manda un fular cando saio de festa ou me di que con esa roupa NON SAIO DA CASA, tamén que as botas que a min me encantan non valen para andar por aí co tempo que fai. Pero bueno, cousiñas da idade (que sempre nos gusta botarlle a culpa á adolescencia). Gajes do oficio, como diría ela (aínda que sei que esa palabra non existe en galego), porque miña nai é galegofalante nun galego non moi normativo, que moitas veces me deixa impresionada. Porque non é un oficio fácil o que lle tocou a ela de aguantarme a min, pero ela sempre me di que así foi o que elixiu, porque o seu desexo sempre foi ser mamá, aínda que non lle fora fácil. Ela deu a súa vida por min dende o primeiro momento que eu cheguei a este mundo. E dalgunha forma eu creo que antes de nacer, nese limbo no que nos debemos encontrar (salvando as distancias con calquera concepto científico), eu escollina a ela, e aínda que non son famosa por facer boas decisións, esta foi a mellor que puiden facer na vida. Nacín a véspera de Noiteboa e mamá en vez de cear langostinos, tocáronlle varios botes de suero. Os primeiros días durmín coma unha bendita, e como parecía que non espertaba, decidiron pincharme nun pé, remedio de Deus, non volví a durmir ben en toda a miña vida, e o mesmo lle pasou a ela. Aínda que mamá sempre di que todo isto valeu a pena por terme a min, eu algunhas veces penso que ten indicios de masoquismo.

En moitas das cousas que escribo déixase ver gran parte dos ápices de sensibilidade que levo dentro. E eu estou segura que toda provén dela. Porque aínda que a súa familia teña este sentimento tan preciado gardado no lugar do non retorno, ela non sei como fixo, para inculcarme a min tanto amor. Porque ela dime

sempre que está moi orgullosa de min, pero eu estaría de ela mesma, por facerme ser así. Porque dende os meus incios neste camiño indescribable da vida, ela foi o meu soporte, o salvavidas a onde agarrarse no colo do abismo. Cando era bebé non quería outra cousa que estar ao seu carón, pegadiña a ela, para poder sentila respirar, para eu chegar a estar en calma. E o mesmo me pasa agora aínda que moitas veces non o queira aceptar, porque cando os meus nervios chegan ao seu límite, unha das súas apertas sálvame de chegar ao colapso. Porque mamá é como esa sensación de estar ben, de felicidade; cos diferentes textos que estou facendo neste proxecto sempre teño como protagonista ao mar, pero sen ela, ese amor sería imposible, e estou segurísima de que o meu apego polo océano vén dado porque sempre que estaba no alí, ela estaba comigo.

O outro día dixerónlle no traballo que tiñamos o mesmo sorriso, e ela díxome que era verdade, pero que ela tiña os ollos moito máis tristes. E iso tamén me fixo pensar a min, porque é increíble como unha persoa que pasou por tanto sexa capaz de dar tanto cariño. Mamá é a persoa máis forte que coñezo, sen punto de comparación, é un faro no medio da treboada, dando luz para axudarme a chegar á beira, mentres ela non para de recibir golpes. Porque merécese moito máis do que lle dan, porque non valoran todo o que fai, mamá vive para os demais e quédalle moi pouco tempo para ela, viviu para min dende que nacín para dárme todo o que estivera na súa man para facerme feliz, e iso conseguiu. Ten unha carga enorme sobre as súas costas, que ás veces non a deixa respirar, pero nunca fai que se note, porque na súa cara sempre está instaurada un sorriso. Mamá é calma no medio da treboada, é o amor que se garda cando só queda dor, é tranquilidade e sobre todo paz.

Só con pensar que ela me falta un arrepío percorre as miñas costas. Non sei que faría sen ela, supoño que sobrevivir, pero vivir, claramente non, porque ela é a que me dá as ganas. Que che falte túa nai e as ganas de comer dime sempre. Con toda a razón do mundo, pode faltarme o que sexa, pero se ela non está, a miña vida remata nun derrumbe. Porque cando estou estresada e non podo máis é ela a que vén a levantarme, cando estou triste, ela sécame as bágoas. Mamá manteuse ao meu carón sempre. Porque ninguén será capaz de cuidarme tan ben como o fai ela. Aínda que ás veces sexa un pouquiño excesivo. Ela foi quen me ensinou todas esas cousas fundamentais que quedan gravadas na pel como tatuaxes inmarcesibles co tempo. Ensinoume o amor por viaxar, por coñecer cousas novas, aínda que o fixo na súa contra porque sabía que algún día eu decidiría voar. Mamá sabe que eu non poido quedar aquí e sempre me di que alá donde eu me encontre ela vai chegar sexa como sexa, pero moitas veces quero que teña claro que eu sempre vou volver, sempre vou volver a ela, como a morriña dun emigrante que pasou moito tempo

fóra do seu fogar, cando as cousas asemellen difíciles, o único lugar do mundo para conseguir consello será ela. Mamá como Oráculo de Delfos que todo o coñece, os remedios da vida, como se fose unha meiga de tempos pasados que sabe a causa e a cura de todos os meus males, porque me coñece como se me parira, mais eu estou ben segura que moi poucas nais coñecen aos seus fillos como ela me coñece a min. Cunha mirada, cun xesto, con calquera palabra, ela, como unha vidente sabe exactamente o que me sucede, e axúdame a sanar sempre, aínda que ela moitas veces se encontre quebrada en anacos por dentro.

Mamá é o meu exemplo a seguir, sempre lle digo que de maior quero ser coma ela. Como definila? Mamá é astucia, valentía, moitísima forza, é seguridade, retranca, saber o que hai que facer no momento adecuado para facelo, é determinación, autoexigencia, traballo incansable, intelixencia, criterio e pensamento propio que non se deixa nunca avasallar, loita contra as inxustizas, é educación e dereitos, é devoción polo que fai aínda que moitas veces a destrúa por dentro.

Supoño que todos estes son criterios moi terrenais que a definen, pero ela é moitísimo máis. Mamá é unha canción de Sabina escoitada nunha terraza gaditana ao carón do mar; Mamá é unha desas apertas lentas, que asemellan recompoñerte da dor; Mamá é un refuxio cando te encontras á intemperie, é un vestido con moitas cores e unha frase no seu centro. Mamá son unhas gafas de sol, un té rooibos, un desayuno un domingo na casa, un paseo a carón do río, unha mensaxe para saber que chegache ben, outra de ánimo para que nunca te rindas, para que recordes que aquí tamén te queren moito. Mamá é Italia, aínda que tan só estivera unha vez, porque ela é arte ao igual que Roma. Mamá son datos dados con certeza para rematar unha discusión. Mamá é preocupación cando soa o teléfono, Noiteboas no hospital. Mamá é un libro profundo, un curso de igualdade, un sticker con moitos corazóns, ou un de Winnie the Pooh mandándoches un abrazote. Mamá é un xeadado de turrón, coco, ou avellana. Mamá é A Coruña, aínda que tamén forma parte do meu amor por Viveiro. Mamá son bágoas de emoción mentres ves unha película. Mamá é o Corazón os fines de semana. Mamá é a das toallitas, crema de sol e ata un microondas no bolso. Mamá é a que identifica unha prenda de roupa a leguas, a amante da moda. Mamá é a que me examina para saber se teño algo mal. Mamá é levantarse polas noites a ver se aínda non durmo. Mamá é sorprendeme con un libro para que se amenicen os exámenes. Mamá é unha colonia de Carolina Herrera, é a raia do ollo azul. Mamá é querer cortarse o pelo como unha actriz para verse máis moderna. Mamá é dálle a todo un toque orixinal. Mamá son empresas e nóminas. Mamá é Cadaqués, Zahara, Tarves, Conil. Mamá é Jhony e grazas a eso eu son Noa. Mamá é Tita e tamén Mabe. É conductora de Fórmula 1 cando se trataba de que Lola viñera ao mundo. Mamá é o azul, o mar, as risas, o Algarve, os

3 macacos, un mojito sen alcohol porque lle senta mal, un viño bon, unha clara. Mamá é o pan sen gluten e tamén é congrio ou rape. Mamá é un “Buenos días, princesa” e un “Quérote ata o infinito e máis alá”. Mamá é un todo está ben no medio da apocalipse, Mamá é un descansa que estás reventada, un “abrígate, que vas coller frío”. Mamá é “No puedo vivir sin ti”, “La suerte de mi vida”, “Si te vas...”, “Guantanamera”, “19 días y 500 noches”, “Mediterráneo”. Mamá é “Rompiendo las olas” e calquer película de Lars von Trier. Mamá é unha primavera en Madrid. Unha tarde nun cine alternativo, Mamá é París, e Mamá é o mundo de Papá mentres os instantes que se miran aos ollos son eternos. Mamá é o brillo nas miñas meniñas, unha aperta de benvida, unhas palabras que calman, Mamá é respirar cando estás no medio da asfixia, é liberdade ante todo pronóstico á vez que seguridade. Mamá é o latexo dun corazón que pronuncia polo baixiño a palabra fogar, Mamá é un sorriso que te leva a casa. Mamá é tantísimas cousas que non me caben neste papel, pero é miña nai, e a fortuna veu a min no momento en que decidín escollela como mestra e compañeira neste camiño inmemorable que é a vida. Foi a que me deu a sensibilidade para poder escribir isto, a que me ensinou, que nunca debemos ter medo a sentir.

